

**V SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO, REPRESIÓN FRANQUISTA
E RESISTENCIA DEMOCRÁTICA”**

**Rianxo – Porto do Son – Noia – Oroso – Mesía – Curtis,
30 e 31 de maio, e 1 de xuño de 2014**

MEMORIA DA ACTIVIDADE

1. Xustificación da actividade.

A convocatoria do Seminario pretendía suxerirlles aos asistentes unha reflexión sobre o fenómeno do asociacionismo mariñeiro e da guerrilla antifranquista que posibilitase un mellor coñecemento do noso pasado máis recente. Tal pretensión arelaba provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre o asociacionismo mariñeiro e a guerrilla antifranquista contribuíse, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, sen perder nunca a consciencia de cales son os dereitos e as obrigacións de cadaquén.

2. Os obxectivos da actividade.

O Seminario perseguía, en esencia, os obxectivos que se enumeran a seguir. O seu grao de cumprimento será analizado máis abaixo:

1. Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos, personaxes, problemas, etapas e procesos máis significativos do asociacionismo mariñeiro e a guerrilla en Galicia.
2. Distinguir e valorar os trazos permanentes dos procesos de transformación e cambio nos diferentes períodos, analizándoos desde a realidade dos nosos días.
3. Coñecer a historia do asociacionismo dos pescadores na Galicia.
4. Situar estes procesos históricos no contexto de Galicia e do Estado.
5. Estudar e analizar diferentes aspectos básicos da evolución histórica de Galicia.
6. Facilitar ao alumnado, profesorado e persoas interesadas, o estudo do asociacionismo dos pescadores e a guerrilla.

7. Contribuír ao desenvolvemento dunha sensibilidade comprometida, responsable e activa coa democracia e os dereitos humanos.
8. Contribuír á consolidación de actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos de Estado.

3. Profesores e profesoras participantes na actividade.

Participaron na actividade un total de 29 profesores e profesoras. A maior parte dos participantes foron profesionais do ensino secundario público, do ámbito das Ciencias Sociais. Porén, tamén participaron algúns profesores e profesoras doutras disciplinas. Os asistentes procedían practicamente de todo Galicia.

4. Relatores/as participantes na actividade.

No desenvolvemento do Seminario participaron un total de oito relatores/as, responsables das conferencias e das diferentes sesións de traballo de campo:

- **Concepción Allut Vidal**, técnica de cultura do concello de Noia.
- **Dionísio Pereira González**, historiador, especialista no movemento obreiro en Galicia.
- **Eliseo Fernández Fernández**, historiador, especialista no movemento obreiro en Galicia.
- **Manuel Pazos Gómez**, profesor e investigador.
- **Pedro García Vidal**, historiador.
- **Xerardo Agrafoxo Pérez**, historiador.
- **Xesús Costa Rodil**, mestre e historiador.
- **Xesús Santos Suárez**, escolante e historiador.

5. O desenvolvemento da actividade.

Para procurar a consecución dos obxectivos a partir dos cales se concibía o Seminario, foron deseñadas unha serie de actividades que, respectando a súa sucesión cronolóxica, desenvolvéronse tal e como se sintetiza a seguir.

Día 30 de maio

Despois da inauguración oficial, tivo lugar a proxección do documental “**O barco da memoria**” de Marcos Gallego. O documental emprende unha viaxe por diferentes vilas da costa de Galiza que, dunha maneira ou de outra, padeceron a represión franquista. Neste periplo pola memoria colectiva toman protagonismo algúns personaxes que, en representación de tantos outros, emprenden unha viaxe ata o interior das súas lembranzas nun ano, 2006, “ano da memoria”.

A proxección foi seguida dunha conferencia sobre o *Asociacionismo mariñeiro*, pronunciada por **Dionísio Pereira** e **Eliseo Fernández**, dous dos estudosos do tema máis recoñecidos en Galicia. Nela, fixeron un percorrido por toda a costa, a propósito da realidade da capacidade de organización dos mariñeiros, así como da represión de que foron obxecto.

Día 31 de maio

A primeira parte da segunda xornada do Seminario comezou cunha travesía pola ría de Muros e Noia a bordo do patache *Joaquín Vieta*, unha embarcación recuperada pola Asociación homónima, tratándose, de feito, do último patache de Galicia. Ao longo da travesía foron visitados diferentes lugares da Ría de Muros e Noia relacionados coa represión, desde fábricas de conserva habilitadas como campos de concentración ata paraxes onde se produciron detencións e fusilamentos.

Paralelamente, tivo lugar tamén unha visita á vila de Noia guiada por historiadores locais, visita que partiu da observación e análise dalgunhas das laudas gremiais que se conservan sobre todo na igrexa de Santa María, A Nova. Analizáronse in situ tamén outros lugares da vila relacionados directa ou indirectamente coa temática do Seminario.

A sesión de tarde da xornada comezou cunha conferencia de **Xesús Costa** e **Xesús Santos** sobre a represión da que foron obxecto os mariñeiros na comarca do Barbanza. As súas intervencións estiveron especialmente centradas en diferentes conflitos que tiveron lugar na época, como o das *xeiteiras* entre Padrón e Muros e, especialmente, no papel desempeñado polo xornalista Xosé Arcos Moldes, director de *El barbero municipal* de Rianxo, e fundador, entre outras da *Asociación de Marineros y Productores en General* de Rianxo.

Rúa San Clemente, 18. Baixo
15705 Santiago de Compostela

Tel./Fax: 981 562 577
www.nova-escola-galega.org
neg@mundo-r.com

A continuación tivo lugar unha visita a diferentes puntos da vila de Rianxo relacionados coa temática do Seminario, guiada polos mesmos relatores, aínda que a primeira delas realizouse a unha *xeiteira* restaurada e foi un dos mariñeiros responsables da restauración, **Feliciano Abuín Rial**, o encargado de explicala.

Día 1 de xuño

O terceiro e último día de actividade do Seminario iniciouse en Sigüeiro cunha conferencia de **Manuel Pazos**, especialista na historia da represión na comarca de Ordes e que realizou un percorrido apoiado en imaxes sobre algúns dos episodios máis significativos da mesma e, en especial, sobre o caso de Benigno Andrade, *Foucellas*.

Non obstante, e previamente, tivo lugar unha intervención, solicitada polo propio conferenciante, de **Fernanda Cedrón** e de **Francisco Martínez “Quico”**, a primeira neta do *Gardarríos* e o segundo, guerrilleiro da partida de Girón. Foron as súas palabras especialmente celebradas –a intervención demorouse uns 45 minutos– pois constituíron testemuñas de primeira man sobre os acontecementos que o Seminario pretendía analizar.

O traballo de campo posterior, dirixido por el mesmo, guiou os asistentes por diferentes lugares dos concellos de Oroso, Mesía e Curtis, visitando lugares tan singulares como a casa natal de *Foucellas*, onde unha persoa que tivo relación con el na xuventude, **Manuel Sánchez**, contou as súas experiencias co guerrilleiro. Participou tamén dun xeito activo nesta intensa visita **Manuel “Nadar”**, actual dono da casa natal de Foucellas.

A actividade pechouse cunha sesión de conclusións e de avaliación do propio Seminario na que puideron participar todos os asistentes. Unha síntese destas conclusións ofrécese a continuación.

6. Principais conclusións do Seminario.

Reprodúcese, a continuación, unha síntese das principais conclusións ás que os asistentes chegaron no momento da avaliación grupal da actividade.

1. Segue considerándose a actividade, igual que nas edicións precedentes, como un interesante exercicio de análise e comprensión dun fenómeno histórico moitas veces descoñecido e, outras, declaradamente ignorado. Ademais de ser analizado o fenómeno do asociacionismo mariñeiro e a represión de que foron obxecto os homes e as mulleres do mar, ao tempo foi realizado tamén un interesante exercicio humano de comprensión dunha realidade na que, en efecto, o verdadeiro protagonismo recae nas persoas.
2. Os asistentes reafírmanse na necesidade de que as institucións públicas recoñezan plenamente os feitos relacionados coa represión franquista, recoñecemento que dista moito de estar plenamente conseguido na actualidade. Faise especial mención á existencia, aínda na actualidade, de documentos sen desclasificar sobre diferentes episodios transcendentais da nosa historia.
3. Particularmente, valóranse algúns acontecementos da realidade dos nosos días como un claro retroceso no proceso de consecución da liberdade e dos dereitos das persoas, en xeral. Con todo, enténdese que a loita levada a cabo por tantos homes e mulleres, lonxe se ter sido improdutiva, sentou as bases duns valores que se consideran, máis que nunca, imprescindibles na sociedade actual.
4. Constátase repetidamente ao longo das diferentes sesións do Seminario a importancia, a carón dos feitos históricos globais, da *intrahistoria*, é dicir, dos pequenos episodios e dos feitos protagonizados por personaxes de carne e óso, que distan moito de aparecer nos grandes tratados de historia pero que desempeñaron o papel de auténticos protagonistas dos feitos históricos analizados. Véxase, como exemplo paradigmático, o feito de que unha persoa asistente ao Seminario descubriuse por sorpresa, e grazas á exhaustiva información facilitada polos expertos, a militancia e o compromiso político da súa avoa.
5. Para as persoas asistentes ao Seminario, unha vez coñecidos e analizados os episodios tratados durante o seu desenvolvemento, cobran especial sentido expresións de autores/as dispares que verbalizaron pensamentos tales como *Un paso adiante e outro atrás; Non se poden confundir os desexos coa realidade; Non é o caso de revisar a teoría, senón a práctica; Somos vítimas do silencio dos nosos pais e nais, pero responsables da ignorancia dos nosos fillos e fillas...*
6. Sendo evidentes as virtualidades didácticas que a temática tratada no Seminario ofrece, semella tamén evidente que esta potencialidade dista moito de ser

contemplada desde os currículos oficiais, alleos de máis á cuestión. Enténdese que os programas deberían ser revisados neste sentido.

7. Singularmente, conséntase que a política franquista, especialmente a educativa, fixo desaparecer a riqueza da linguaxe necesaria para desenvolver o espírito crítico, e esta realidade faise evidente se se observa a escasa consciencia amosada polas novas xeracións sobre o momento económico e social que se vive na actualidade. Durante a transición, e ata os nosos días, deuse tamén un certo proceso de autocensura que levou a agochar contidos desta complexidade, que esixen tamén un coñecemento do que o profesorado en moitas ocasións non dispón. Este coñecemento só nos últimos tempos, e derivado dos resultados de certas investigacións e publicacións, empeza a saír á luz. Intentar superar esta situación é, sen dúbida, un dos retos máis importantes que debe considerar o sistema educativo.
8. Desde a óptica estritamente educativa, igualmente, débúxase como unha liña de traballo interesante aquela que contemple a realización de proxectos de investigación –tamén por parte do alumnado dos chanzos inferiores do sistema educativo– que permitan sacar á luz na contorna realidades e episodios históricos adurmiñados. Non se trata xa só de descubrilos, senón de provocar a partir deles a recuperación dunha memoria colectiva que en demasiadas ocasións permanece aínda sen ser verbalizada por culpa da propia pegada que deixaron os feitos.
9. As asociacións e colectivos que se interesan pola recuperación da memoria histórica teñen centrada a súa atención especialmente en retos de ámbito xurídico – recoñecemento das vítimas, levantamentos de fosas comúns...–. Derivar as súas liñas de acción tamén cara ao ámbito educativo sería fundamental, precisamente porque acabaría creándose un fío para que as novas xeracións tivesen acceso ao coñecemento duns feitos moitas veces agachados pola historiografía oficial.
10. O deseño do Seminario, combinando o traballo de campo coa análise de documentos audiovisuais e, finalmente, co saber teórico de especialistas nesta época histórica, valórase como moi oportuno, porque xustamente pretendeu integrar diferentes fontes de información e investigación sobre o tema.
11. No transcurso do Seminario puxéronse en valor estratexias metodolóxicas rigorosas para que as persoas que queiran achegarse a esta temática poidan facelo considerando elementos básicos que provoquen un coñecemento preciso da realidade estudada.
12. Valórase como fundamental a participación de familiares directos dos represaliados, que achegaron datos e vivencias esenciais para comprendermos o fondo sentido ético e as renuncias persoais que se viron obrigados a realizar os guerrilleiros e as súas familias.

13. Desde a óptica, particularmente, dos familiares dos guerrilleiros presentes no Seminario, recoñécese o esforzo realizado coa súa convocatoria e maniféstase o desexo de que as experiencias vividas no seu desenvolvemento sirvan para provocar entre as novas xeracións un coñecemento máis profundo das realidade histórica analizada.

7. Valoración global da actividade.

Os participantes no Seminario cumprimentaron un cuestionario de avaliación –que se ofrece como Anexo III á presente Memoria- a partir da análise do cal se trata de sintetizar a continuación a valoración global realizada.

1. Asistirías a outro Seminario destas características?

Si – 100%

Non – 0%

2. En conxunto, o Seminario respondeu ás expectativas que tiñas depositadas nel?

Moito –93,3%

O agardado – 6,7%

3. Cal é a túa opinión sobre o título que se ofrecía no programa en cada unha das actividades desenvolvidas en relación co que foi realmente a súa realización práctica?

Moi boa –67,0%

Boa – 33,0%

4. A calidade das intervencións dos relatores/as que interviñeron no Seminario considérala:

Moi boa – 93,0%

Boa – 7,0%

5. Cualifica de 1 (a cualificación máis negativa) a 5 (a máis positiva) cada unha das actividades desenvolvidas:

- Documental: O BARCO DA MEMORIA (Marcos Gallego) 4,90 puntos
- Conferencia: O ASOCIACIONISMO DOS MARIÑEIROS GALEGOS (Dionisio Pereira e Eliseo Fdez.) 5,00 puntos
- Traballo de campo: TRAVESÍA NO GALEÓN “JOAQUÍN VIETA” 4,60 puntos
- Traballo de campo: AS ‘LAUDAS GREMIAIS’ E LUGARES DE NOIA... 4,70 puntos

Rúa San Clemente, 18. Baixo
15705 Santiago de Compostela

Tel./Fax: 981 562 577
www.nova-escola-galega.org
neg@mundo-r.com

- Conferencia: A GUERRA CIVIL E A REPRESIÓN DOS MARIÑEIRO NO BARBANZA (Xesús Costa e Xesús Santos) 4,70 puntos
- Traballo de campo: VISITA Á CASA-MUSEO DE MANUEL ANTONIO 4,30 puntos
- Traballo de campo: A XEITEIRA DE RIANXO. LUGARES RELACIONADOS... 4,40 puntos
- Conferencia: A RESISTENCIA ANTIFRANQUISTA EN MESÍA E CURTIS: OS FOUCELLAS (Manuel Pazos) 4,90 puntos
- Traballo de campo: A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA NA COMARCA DE SIGÜEIRO-MESÍA... 4,90 puntos

6. Valora, xenericamente, o cumprimento dos obxectivos do Seminario:
Para a maioría dos asistentes os obxectivos foron acadados satisfactoriamente.
7. Valora, xenericamente, o cumprimento dos contidos do Seminario:
Maioritariamente a resposta foi tamén en sentido positivo.
8. A túa opinión sobre os materiais empregados no Seminario é:
Moi boa – 60,0%
Boa – 40,0%
9. As datas de celebración do Seminario parécenche:
Moi ben – 20,0%
Ben – 60,0 %
Regular – 20,0 %
10. Cal é a túa opinión sobre a relación horario teórico – horario real no desenvolvemento do Seminario?
Moi boa – 40,0%
Boa – 60,0%
11. O tempo destinado a cada unha das actividades, e en conxunto, pareceche:
Moi ben – 53,0%
Ben – 40,0%
Regular – 7,0%
12. Que opinión che merecen os lugares (interiores e exteriores) onde se desenvolveu o Seminario?
Moi boa – 93,3%
Boa – 7,0%
13. A túa opinión sobre a organización xeral do Seminario é:

Moi boa – 100,0%

14. Espazo reservado para que digas todo o que che quedou por dicir:

Algúns dos comentarios realizados foron os seguintes.-

- Moi interesante e con ganas de repetir.
- Grazas por facer posible esta experiencia.
- Magnifica la organización, los ponentes, compañeros "escuchantes". Por favor, perserverar. Hasta el próximo año.
- Agradecemento a que tanto NEG como o resto das asociacións / entidades que participan dediquen os esforzos a facilitar que nos formemos e conectemos coa nosa historia.
- Entretido, dinámico, moi levadeiro.
- Noraboa.

Desde a perspectiva da Comisión Organizadora, integrada por membros de *Nova Escola Galega* e por profesorado e persoal non docente do IES Melide e do IES "Félix Muriel" de Rianxo, o Seminario cumpriu sobradamente os obxectivos a partir dos cales foi convocado. Por unha parte, permitiu estudar *in situ* a actividade da guerrilla nas zonas visitadas, e por outra comprobar que esa actividade segue aínda viva na memoria colectiva. Desde unha óptica estritamente educativa, en definitiva, o Seminario contribuíu a reflexionar sobre as posibilidades educativas que nos ofrece o medio próximo á escola.

Rianxo, 5 de xuño de 2014

Rúa San Clemente, 18. Baixo
15705 Santiago de Compostela

Tel./Fax: 981 562 577
www.nova-escola-galega.org
neg@mundo-r.com